



# CONVOCATORIA I MOSTRA DO NADAL

Esta iniciativa xurde da participación do Concello da Guarda na organización da I Mostra Creativa do Baixo Miño que se celebrou o 31 de xullo do presente ano, e na que converxeron diferentes marcas e talentos creativos da nosa comarca.

Trala celebración desta Mostra, mantívose unha reunión cos e coas participantes que tiña coma obxectivo avaliar o impacto do evento e propor puntos de mellora de cara a futuras edicións. Nesta reunión as persoas participantes solicitaron poder organizar outro evento similar que puidera ter lugar durante a temporada de Nadal.

Posto que este ano o Nadal na Guarda terá como concepto central a CREATIVIDADE, e todas as actividades que se porán en marcha terán que ver con esta capacidade individual e colectiva, non nos puido parecer máis axeitado apoiar esta iniciativa.

O espazo escollido para celebrar esta Mostra Creativa de Nadal será o Mercado Municipal, un espazo que conta cunha gran afluencia de persoas nesa época do ano e que encaixa perfectamente cun dos principais preceptos da Mostra: o fomento do consumo responsable e de proximidade.

Pensamos que a actividade do Mercado verase retroalimentada pola Mostra, e viceversa.

A solicitude de participación na Mostra estará aberta a todas aquelas persoas que desexen presentar e/ou dar visibilidade ao seu proxecto,

Por todo o exposto ACORDO:

1º. Aprobar a convocatoria da MOSTRA CREATIVA DO NADAL do Concello da Guarda segundo as seguintes:

## BASES

1ª.- A Mostra terá lugar os días 10, 11, 17, 18 e 24 de decembro de 2021, no Mercado Municipal do Concello da Guarda. O horario será de mañá de 09.00h a 14.00h

2ª.- Os proxectos participantes deberán pertencer a persoas deseñadoras, marcas ou artesáns que teñan a súa sede social no Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño e Tui). Non poderán participar aqueles proxectos adicados á venda de comida e bebida.

3ª.- Só se poderán mostrar creacións das propias persoas participantes.

4ª.- A inscrición é gratuíta, sendo aceptados os proxectos por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, e previa confirmación por parte da organización en función do grao de cumprimento das bases da presente convocatoria.

5ª.- O número máximo de participantes será de 12, estando esta cifra suxeita a variacións por parte da organización por motivos sanitarios ou loxísticos.

6ª.- A data límite de inscrición será o venres 3 de decembro de 2021.

7ª. - Cada participante é responsable de levar o seu posto e de montalo, debendo informar sobre as dimensións e os elementos que o conformarán, por cuestións de distribución dos espazos. Dimensión máxima do espazo a ocupar 2 metros de largo por 1 metro de ancho.

8ª. - Poderase compartir o mesmo posto por dous ou máis proxectos, sempre e cando ocupen o espazo máximo estipulado. No caso de compartir posto, cada proxecto deberá presentar a súa ficha de xeito individual indicando no apartado correspondente con quen comparte o posto.

9ª.- O horario para descargar e montar será de 8.30 a 9.30h, e para a recollida de 14.00h a 14.30h.

10ª.- Para a inscrición deberase presentar unha instancia de xeito presencial ou a través da sede electrónica, dirixida á Concellería de Desenvolvemento Local, solicitando participar na Mostra Creativa de Nadal, na que se indiquen o nome e apelidos da persoa representante, o nome do proxecto, datos de contacto (teléfono e correo electrónico) e unha breve descrición dos produtos ou servizos que ofrece a persoa.

11ª.- Todo participante deberá cumprir coa normativa sanitaria vixente e contar con xel hidroalcohólico no seu posto.